

14
100
18

Narrativa

BIBLOLEIROS
Premio Maria Moliner
2011

prema sobre a portada
para comprobar dispoñibilidade

JEAN ECHENOZ

14




ANAGRAMA
Panorama de narrativas

14 JEAN ECHENOZ

¿Cómo escribir sobre a Gran Guerra, a primeira guerra «tecnolóxica» do século XX, e a porta, tamén, a medio século de barbarie sen precedentes? Echenoz enfróntase a un novo reto literario que supera con mestría.

1919 JOHN DOS PASSOS

1919 cubre os anos previos á Paz de Versalles, e trátase dunha novela coral que cubre casi todos os estratos sociais de Estados Unidos, coa particularidade de que neste caso gran parte da acción desenvólvese en Europa, concretamente en París.



ALMAS GRISES
PHILIPPE
CLAUDEL



narrativa
salamandra

Almas grises PHILIPPE CLAUDEL

Decembro de 1917. Nunha vila do norte de Francia, o corpo sen vida dunha rapaza aparece flotando no canal. Á escea do crime acoden, acompañados polo incesante estoupido dos cañóns e o acre cheiro a pólvora dun fronte que se desgarrá, un policía, un xuíz instrutor e un militar. Neste mundo provinciano, o asasinato de Belle suscita sospeitas, esperta vellos rencores e sacode un orde social que se cambalea.

Las aventuras del buen soldado Švejk JAROSLAV HAŠEK

Hai heroes descoñecidos e escuros, privados da fama e a gloria históricas dun Napoleón. Sen dúbida, Švejk é un deles. Tras un periplo por tribunais, cadeas e manicomios, este entrañable pícaro moderno acaba enrolado nas filas do exército austrohúngaro durante a Primeira Guerra Mundial. Alí dará mostras da súa infinita inocencia, verborrea aplastante e sentido común.



Jaroslav Hašek
Las aventuras del buen soldado Švejk



no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18

BIBLOLEIROS
Premio Maria Moliner
2011

**prema sobre a portada
para comprobar disponibilidad**




La caída de los gigantes KEN FOLLETT

Gran novela épica que narra a historia de cinco familias durante os anos turbulentos da Primeira Guerra Mundial, a Revolución Rusa e a loita de homes e mulleres polos seus dereitos.

La canción del cielo SEBASTIAN FAULKS

Sebastian Faulks amósase en La canción del cielo como un consumado narrador. O seu reconto da batalla do Somme, rico en detalles históricos e inmenso, tanto pola épica da narrativa como polas crudas descrições do campo de combate, valeulle a súa comparación con escritores da talla de Ernest Hemingway.




Los cuatro jinetes del Apocalipsis VICENTE BLASCO IBÁÑEZ

Publicada en 1916, en pleno horror da Gran Guerra, Vicente Blasco Ibáñez (1867-1928) representou con singular acerto as distintas forzas, intereses e mentalidades cuxo enfrontamento levou á primeira conflagración mundial. Estructurada arredor da historia de dúas familias que, provintes parcialmente dun tronco común, pertencen cada unha a un dos bandos en conflito, a novela discorre áxilmente polos escenarios dantescos dunha Europa rota.

Dos cautivos LAJOS ZILAHY

Nesta novela Zilahy narra o idilio en 1913 en Budapest entre o oficial Péter e a moza Miett así como a súa voda, e como todo iso quedará truncado ao pouco polo estalido da Primeira Guerra Mundial. Péter será capturado na fronte rusa, e Miett coñecerá a outro home. Historia de superaciones e frustracións persoais, de heroísmos e cobardías, de supervivencia e de resignación, pero tamén de esperanza nun futuro mellor.



BIBLIOTECA LAJOS ZILAHY
CENTRO CULTURAL
DUMBRĂŢIA


no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18

Narrativa



prema sobre a portada
para comprobar dispoñibilidade



El estandarte ALEXANDER LERNET-HOLENIA

En outubro de 1918 un mozo oficial do exército imperial, o austríaco Herbert Menis, reincorpórase a filas tras un breve período de convalecencia. Á súa chegada a Belgrado, onde foi destinado, namórase de Resa Lang, unha nova dama da corte de María Antonia de Austria, e decide conquistala.


Nos vemos allá arriba PIERRE LEMAITRE

En novembro de 1918, tan só uns días antes do armisticio, o tenente d'Aulnay-Pradelle ordena unha absurda ofensiva que culminará cos soldados Albert Maillard e Édouard Péricourt gravemente feridos, nun confuso e dramático incidente que ligará os seus destinos inexorablemente. Galardoada co Premio Goncourt.



Viaje al fin de la noche LOUIS FERDINAND CÉLINE

“Viaje al fin de la noche” narra a epopeia de Ferdinand Baradamu, ferido na Primeira Guerra Mundial na que participa como voluntario, namorado dunha prostituta sen futuro, sobrevivindo nas colonias francesas en África grazas a un traballo alienante, perseguindo o seu particular soño americano, de regreso en Francia traballando como médico rural.



no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18


BIBLOLEIROS
Premio Maria Moliner
2011

Memorias

**prema sobre a portada
para comprobar disponibilidad**

ROBERT GRAVES

Adiós a todo eso




Adiós a todo eso ROBERT GRAVES


Nostálxica e desenganada evocación da mocidade, e un documento dramático que expón a sinrazón da Primeira Guerra Mundial, na que o autor participou como oficial nas trincheiras.

El mundo de ayer STEFAN ZWEIG

Subtitulado “Memorias de un europeo”, estamos ante unha das máis conmovedoras e atractivas testemuñas do noso pasado recente, escrito ademais con man mestra por un europeo empapado de civilización e nostalgia por un mundo, o seu, que se ía desintegrando a pasos axigantados.



Banda deseñada




La guerra de las trincheras JACQUES TARDI

A guerra é tan horrorosa que é imposible describirla con palabras. Jacques Tardi trata de achegarnos a ela a través dalgunhas historias curtas de soldados reais durante a Primeira Guerra Mundial. Edición especial con material inédito.

El soldado Varlot DIDIER DAENINCKX, JACQUES TARDI

Jacques Tardi volve a amosarnos a crudeza da guerra das trincheiras desde o punto de vista dos que máis sofren, os soldados rasos. Xunto a Didier Daeninckx, con quen xa fixera equipo na aplaudida obra “La última guerra”, Tardi ofrécenos un xenial relato centrado na figura de Varlot, personaxe que xa protagonizara ese mesmo álbum.




no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18

Divulgación



prema sobre a portada
para comprobar dispoñibilidade





I Guerra Mundial: la guía visual definitiva R. G. GRANT

Dinámico retrato do primeiro maior conflito bélico combinando a documentación gráfica coas testemuñas daqueles que dalgún xeito ou outro participaron no enfrontamento, para revelar tanto os seus motivos como o sentido do maior conflito da historia ata ese momento.

Breve historia de la I Guerra Mundial NORMAN STONE

A 1ª Guerra Mundial resultou un conflito desconcertante para os seus protagonistas e séguese sendo en boa medida para os historiadores. O que debía ser un guerra con botíns imperiais e enfrontamentos-lóstrego, converteuse nunha carnicería sen sentido, con millóns de homes exterminados mediante unha atroz mecanización bélica.




La Europa de las Grandes Guerras (1914-1945) JULIO ARÓSTEGUI

A verdadeira idade contemporánea de Europa empeza cando o equilibrio entre as grandes potencias xurdidas da Revolución Industrial e da expansión do liberalismo, nacionalismo e imperialismo racha por un gran conflito de intereses entre éstas que desemboca na Gran Guerra (1914-1918), conflito que rematou co mundo capitalista-liberal clásico.

La Gran Guerra (1914-1918) MARC FERRO

A Gran Guerra (1914-1918) foi a causa inmediata dunha radical alteración do mapa político e social do mundo: o desmembramento do Imperio Austro-Húngaro, a revolución bolchevique, o ascenso ao rango de potencia mundial dos Estados Unidos, o xurdimento do fascismo. Marc Ferro analiza, con procedementos case cinematográficos, os aspectos propiamente militares e as razóns económicas, xeopolíticas e de psicoloxía social que a explican.




no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18

Divulgación



**prema sobre a portada
para comprobar dispoñibilidade**




La Primera Guerra Mundial PIERRE RENOUVIN

Cando a comezos de agosto de 1914 estoupou a Gran Guerra, Europa non coñecera ningún conflito xeral dende o fin das guerras napoleónicas. Porqué despois dun século todas as grandes potencias víronse envoltas nunha loita total?

La Primera Guerra Mundial: de Lieja a Versalles RICARDO ARTOLA

Coma se de sonámbulos se tratase, as grandes potencias de principios do século XX embarcáronse nunha guerra que mudaría a faz da terra, e cuxas consecuencias para a posteridade foron a instauración de dous grandes totalitarismos e as súas atroces secuelas, e sobre todo, o fin dun mundo optimista, próspero e que creía que o futuro era seu.



Juan Eslava Galán

LA

PRIMERA GUERRA MUNDIAL CONTADA PARA ESCÉPTICOS



La Primera Guerra Mundial contada para escépticos JUAN ESLAVA GALÁN

1914. Hai agora cen anos... Europa vivía unha plenitude dourada. Os adiantos científicos e técnicos prometían un futuro feliz, sen fames nin guerra. Pero un terrorista serbio asasinó, durante un desfile en Sarajevo, ao herdeiro do Imperio Austro-Húngaro e á súa dona. Ese feito aillado provocou un efecto dominó que levou á guerra a máis de cincuenta países.

no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18

Audiovisual

BIBLOTEIROS
Premio Maria Moliner
2011

**prema sobre a portada
para comprobar dispoñibilidade**



Adiós a las armas (1932) FRANK BORZAGE

Durante a 1ª Guerra Mundial, o tenente Frederick, un americano do corpo de ambulancias italiano, e Catherine, unha enfermeira británica, convértese en infortunados amantes. O primeiro encontro prodúcese logo de tomar Henry unas cantas copas e toma a Catherine por unha prostituta.

Con Gary Cooper e Helen Hayes.

Camino a la gloria (1936) HOWARD HAWKS

A historia da vida nas trincheiras dun reximento francés durante a Primeira Guerra Mundial. A medida que os homes van morrendo e son reemplazados, o despreocupado tenente Denet faise cada vez máis sombrío.

Con Fredric March e Warner Baxter.



Downton Abbey. 2ª tempada (2011) JULIAN FELLOWES

Ao volver a Downton Abbey en 1916, descubrimos os efectos que a Primeira Guerra Mundial ha ter nas vidas da familia Crawley e dos seus servintes. Veremos o regreso de todos os personaxes xa coñecidos cuxa existencia vese complicada pola guerra, así como o seu forte impacto sobre a gran mansión.

Con Hugh Bonneville e Maggie Smith.

Feliz Navidad (2005) CHRISTIAN CARION

Noiteboa de 1914. No medio da Gran Guerra en varias zonas da fronte, un increíble acontecemento transformará para sempre o destino de catro personaxes: un pastor escocés, un lugartenente francés, un tenor alemán e unha soprano danesa que esa noite, vivirán un surrealista episodio sen precedentes.

Con Diane Kruger, Benno Fürmann, Guillaume Canet e Daniel Brühl.



no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18

Audiovisual

BIBLOTEIROS
Premio Maria Moliner
2011

**prema sobre a portada
para comprobar dispoñibilidade**



Flyboys (2006) TONY BILL



1916. Un grupo de americanos viaxan voluntariamente a Europa para alistarse xunto aos Aliados. Pronto formarán o seu propio escuadrón para enfrontarse a uns pilotos alemáns mellor equipados. Bautizados como Escuadrilla Lafayette, o seu nome é hoxe lenda.

Con James Franco, Scott Hazard.

Gallipoli (1981) PETER WEIR

Historia de amizade e aventuras entre dous soldados australianos en 1915. Ambos cruzan continentes e grandes océanos, escalan as pirámides e camiñan polas milenarias áreas de Exipto para unirse ao seu reximento na fatídica batalla de Gallipoli.

Con Mel Gibson, Mark Lee.



La gran ilusión (1937) JEAN RENOIR


O aristócrata Capitán De Boeldieu, o Tenente Marechal e o adifeirado banqueiro xudeu Rosenthal, atópanse prisioneiros dos alemáns na Primeira Guerra Mundial, malia as súas moi diversas orixes. Separados tras unha exitosa fuxida, son capturados de novo e reunidos nunha espectacular fortaleza dirixida polo aristócrata alemán Van Rauffenstein.

Con Jean Gabin, Erich Von Stroheim.

Johnny cogió su fusil (1971) DALTON TRUMBO

Máis que unha brutal e desasosegante película antibelicista, trátase dunha contundente apoloxía á eutanasia. Un mozo combatente da 1ª Guerra mundial, atópase nun hospital, cego, sordomudo e coas pernas e os brazos amputados por mor dunha explosión durante un bombardeo...

Con Timothy Bottoms, Kathy Fields, Marsha Hunt.




no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14
100
18

Audiovisual



prema sobre a portada
para comprobar dispoñibilidade



Largo domingo de noviazgo (2004) JEAN-P. JEUNET


Durante a I Guerra Mundial, Matilde recibe unha terrible nova sobre o seu prometido Manech. Coma millóns doutros soldados, morreu no campo de batalla... ou polo menos iso di a nota oficial. Pero Mathilde non está disposta a crer que ese sexa o seu destino.

Con Audrey Tautou, Gaspard Ulliel.

Regeneration (1997) GILLES MACKINNON

É a historia de catro homes nun hospital durante a Gran Guerra: o doutor William Rivers; o eminente poeta Siegfried Sassoon, o brillante soldado Wilfred Owen e o oficial ascendido Billy Prior.

Con Jonathan Pryce, James Wilby, Jonny Lee Miller e Paul Young.



Senderos de gloria (1957) STANLEY KUBRICK


Fóra de perigo, no seu tranquilo castelo situado lonxe das liñas de batalla, un grupo de xenerais franceses transmiten unha orde directa ao Coronel Dax: tomar o difícil reduto de Ant Hill a calquera prezo. Pero este ataque é unha misión suicida que desde o principio está condenada ao fracaso.

Con Kirk Douglas, Adolphe Menjou, Ralph Meeker.

Sin novedad en el frente (1930) LEWIS MILESTONE

A trama segue a un grupo de alemáns reclutados na Iª Guerra Mundial e de como pasan do idealismo á desilusión. Como di o personaxe principal Paul Baumer: "Vivimos nas trincheiras e loitamos. Tratamos de non ser asasinados, iso é todo".

Con Louis Wolheim, Lew Ayres, John Wray.




no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda

14 100 18

Audiovisual



prema sobre a portada
para comprobar disponibilidad




War Horse (2011) STEVEN SPIELBERG

Este sobrecollador relato está construído a partir da ligazón indestruible que nace entre un mozo chamado Albert e o seu querido Joey, un cabalo de granxa que tras ser vendido á caballería británica é enviado á fronte.

Con Jeremy Irvine, Emily Watson.

Historia interactiva de la Humanidad. 9 Océano Multimedia

O período que se inicia coa revolución industrial e remata co estoupido da Gran Guerra é un dos máis ricos da Historia; é unha época de revolucións, na que se xestaron as bases da era contemporánea.



Revistas



As publicacións periódicas HISTORIA Y VIDA, EL PAÍS SEMANAL e LETRAS LIBRES ofrecen números monográficos adicados á Gran Guerra.

Nota: os textos desta guía están tomados das presentacións editoriais dos materiais correspondentes.

no 2º andar da Biblioteca Central Rialeda